



RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) presentou no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia a documentación do procedemento PLAN DE MELLORA DE CAMIÑOS DE TITULARIDADE MUNICIPAL na que se indica para a súa remisión a:

LUGO

PM25-0014

NÚMERO DE SAÍDA	DATA E HORA	DESTINO
1112019	27-05-2025 12:21:55	Rexistro Electrónico da Xunta - Agader

DOCUMENTO	ARQUIVO
Resolución de concesión	ResolucionConcesion_PM22-14.pdf

Resolución de concesión da axuda

PLAN CAMIÑA RURAL 2025-26 (MR701E)

I.- Identificación do proxecto

Procedemento: plan Camiña rural 2025-2026 (MR701E)

Nº de Expediente: PM25-0014

Título: Plan Camiña Rural no concello de LUGO

Promotor: LUGO

II.- Antecedentes

-O 25 de febreiro de 2025 a entidade promotora presentou unha solicitude de axuda ao abeiro da Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se aproba o aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025-2026 (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2025).

-O/a técnico de Agader emitiu informe de control de elixibilidade favorable (ICE), unha vez realizados todos os controis administrativos sobre a solicitude de axuda segundo establecido no citado plan.

III.- Fundamentos legais

-Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 121, do 25 de xuño de 2007).

-Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG núm. 20, do 29 de xaneiro).

-Resolución do 30 de decembro de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025 2026, e se convocan as correspondentes ao ano 2025, mediante tramitación anticipada de gasto (DOG núm. 19, do 29 de xaneiro de 2025).

-Resolución do 24 de xullo de 2013, da Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, pola que se fai público o Acordo do Consello de Dirección da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, do 11 de xullo de 2013, de delegación de competencias na Dirección Xeral (DOG n.º 148, do 5 de agosto).

De acordo co anterior, logo da instrución do procedemento por parte da Subdirección de Planificación e Dinamización do Medio Rural e da proposta formulada pola Secretaría Xeral Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, no exercicio das competencias delegadas polo Acordo do Consello de Dirección da axencia,





RESOLVO:

Concederlle ao concello de LUGO unha axuda por importe de 104.511,00 € ao abeiro do plan Camiña rural 2025-2026, coas seguintes condicións:

1. O orzamento presentado e aprobado desagregado por conceptos é o seguinte:

PROXECTO	Orzamento Presentado	Orzamento Aceptado
MELLORA DE DOUS CAMIÑOS MUNICIPAIS EN BELESAR (SAN XOAN DO CAMPO) E SEGADE (TEIXEIRO)	104.511,00 €	104.511,00 €
Total Obra Civil	104.511,00 €	104.511,00 €
Control de calidade	0,00 €	0,00 €
TOTAL SOLICITUDE DE AXUDA	104.511,00 €	104.511,00 €

Respecto do orzamento aceptado , compre facer as seguintes observacións:

- Sen Observacións

2. O importe da subvención financíase con cargo á aplicación orzamentaria 15-A1-712A-760.0 (código de proxecto 2016-00008) dos orzamentos da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, de acordo coa seguinte desagregación:

Importe asignado (plan Camiña rural)	104.511,00 €	
Importe da Axuda	104.511,00 €	
Anualidades	Anualidade 2025 (48,718%)	Anualidade 2026 (51,282%)
	50.915,58 €	53.595,42 €

3. O procedemento de xestión das subvencións, así como o réxime de xustificación dos investimentos subvencionables é o referido na Resolución do 30 de decembro 2024 pola que se aproban as bases reguladoras das axudas financiadas ao abeiro do plan Camiña rural para o período 2025 2026.

-A citada axuda concédese en réxime de concorrência non competitiva, con fundamento no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en adiante, LSG).

-As subvencións concedidas ao abeiro deste plan serán compatibles con outras axudas, subvencións ou recursos destinados á mesma finalidade, tanto de orixe pública como privada, sempre que a intensidade máxima das axudas con fondos públicos non exceda o 100% do importe elixible do proxecto

-O prazo límite para executar e xustificar os investimentos correspondentes á anualidade 2025 será o 16 de outubro de 2025, ou ben o 11 de decembro de 2025 para aqueles concellos que soliciten unha ampliación do prazo de execución e xustificación nos termos previstos no artigo 14 do plan Camiña rural 2025 2026. O feito de non xustificar correctamente esta



anualidade devirá na perda parcial do dereito ao cobramento da axuda polo importe non xustificado.

O prazo final de execución e xustificación será o 29 de maio de 2026.

-A xustificación documental dos investimentos realizarase nos termos previstos no artigo 14.4 do plan Camiña rural 2025-2026. O réxime de pagamentos será o establecido no artigo 16 do citado plan.

-Con carácter xeral, son obrigas dos beneficiarios as establecidas no artigo 11 da LSG e, en particular:

a) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, e manter a obriga de destino das actuacións subvencionadas durante un período mínimo de cinco anos a partir da resolución de pagamento final.

As obras deberán ter unha garantía de mantemento de, cando menos, 5 anos contados desde a data de pagamento final da axuda. Serán por conta do concello os custos necesarios para a súa conservación. O concello debe asumir todas e cantas responsabilidades dimanen das posibles irregularidades ou ilegalidades causadas por mor das obras, nos termos previstos na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

b) Xustificar o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como o cumprimento da finalidade da subvención, a realización do proxecto completo que fundamentou a concesión da subvención e o seu custo real.

c) Destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o cal foron concedidos e executar a totalidade do proxecto presentado xunto coa solicitude e que fundamentou a resolución de concesión.

d) Tramitar e adjudicar a contratación conforme á Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, e demais normativa de contratación aplicable ás entidades locais.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

f) Comunicar á Axencia Galega de Desenvolvemento Rural a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

g) Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes da subvención nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da





Comunidade Autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da LSG. A aceptación da axuda supón a súa publicación nunha lista pública de beneficiarios.

h) Publicitar a concesión da axuda mediante a colocación dun panel con información sobre a operación, que deberá estar visible durante a execución das obras.

i) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o órgano concedente, ás de control financeiro que corresponde á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coa subvención concedida, así como as previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

j) Cando o concello beneficiario non poida executar o proxecto subvencionado, deberá presentar a súa renuncia a través do modelo normalizado que se incorpora á resolución como anexo III.

Procederá o reintegro das contías percibidas indebidamente e a exixencia dos xuros de demora nos supostos previstos no artigo 33.1 da LSG. O procedemento de reintegro tramitarase nos termos previstos no artigo 77 do Decreto 11/2009.

Os beneficiarios das axudas, de ser o caso, estarán suxeitos ao réxime sancionador previsto no título IV da LSG, desenvolvido no título VI do RLSG.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses, nos termos previstos no artigo 46 na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente á interposición do recurso en vía xudicial poderase formular potestativamente un requirimento previo de anulación, no prazo de dous meses, nos termos previstos no artigo 44 do mesmo texto legal.

Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

A directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural
Por delegación: Resolución 24/07/2013 (DOG n.º 148, do 5 de agosto)
Paz Rodríguez Rivera

